

“En sentido profundo, a obra de Rosalía máis política que a de Curros ou Pondal”

-Dunha parte, “Rosalía, miña nai, miña santiña”, pero, doutra, “ai dos que levan na fronte unha estrela!” Cando se inicia cada unha destas lecturas? Por que triunfou, historicamente, a primeira?

-A pregunta paréceme fundamental porque significa responder á creación do “mito Rosalía”: unha figura tan envolvente, tan absorbente, que chegou a escurecer por completo a Rosalía verdadeira. O testemuño de Curros explícita con nitidez o acoso do que Rosalía foi vítima, e que o de Celanova coñecía moi ben. Canto ao poema de Cabanillas, pertence ao chamado Segundo Renacemento: trátase da xeira na que Rosalía foi a resonancia social máis, asemade, é tamén a etapa na que mingua o coñecemento da súa obra, baseado nunha lectura directa. Coa mellor intención do mundo, iso si, lévase adiante un proceso de mitificación por parte do galeguismo, ou de sectores do galeguismo. A síntese posíbel entre diferentes lecturas consiste en casar a xenialidade, a potencia creativa da autora cos ingredientes reais de todo o que ela depuxo. A partir de aí, e en concordancia cos xuízos de Carvallo Calero, coído que temos dereito a considerala un símbolo, se ben que eliminando adherencias que non se corresponden coa súa verdadeira personalidade: de namorada mítica de Galiza, a nai de todos os galegos...

-Pero o certo é que Rosalía sempre foi considerada, popularmente, moito máis como unha santa que como unha rebelde. Cre Vde. que todo se debe a unha pura manipulación, daquela?

-Hai unha anécdota moi ilustrativa sobre iso. Cando foron trasladados os restos de Rosalía a Santiago, apareceu unha señora que non facía máis que chorar. Como queira que se trataba dunha aldeá, e non de alguén con vinculacións familiares coa propia Rosalía ou co galeguismo... , preguntáronlle o motivo de tal afixión. Que foi o que respondeu? Pois dixo o seguinte: “É que a señora era unha santa. Nunca á súa casa fun pedir que non me dese algo e que non me acompañase á porta”. É dicir: si que hai un uso, e mais unha memoria, popular de “santa” no sentido de que se trataba dunha moi boa persoa e plenamente solidaria coa xente que a rodeaba. Doutra parte, cando se produce ese mesmo traslado dos restos, en 1891, veuse que estaban incorruptos: algo que axuda a propiciar unha atmosfera de santidade. Finalmente, o coñecemento popular da obra de Rosalía, tanto na propia Galiza como na emigración, está concretado en máis dun 90% en *Cantares*, libro que foi recibido como unha especie de maná.

-Até que punto vén ser Manuel Murguía un dos responsábeis dese proceso de “beatificación” da súa muller? “Beatificando” a Rosalía, non estaba procurando algo semellante para el mesmo?

-Penso que, desde moi cedo, Murguía foi plenamente consciente de que tanto Rosalía coma el eran dúas personalidades incómodas para determinados sectores da sociedade. Xa morta ela, dunha banda, procurou enaltecela ao máximo, subliñando o papel central da súa muller na construción da literatura galega contemporánea; doutro lado, procurando minguar, encubrir todos aqueles apartados que fixeran de Rosalía unha especie de “pecadora”: iso explicaría, entón, determinadas manipulacións textuais. Non

Pilar García Negro



Escritora, profesora, política... Pilar García Negro vén de publicar O clamor da rebeldía. Rosalía de Castro: ensaio e feminismo (Edicións Sotelo Blanco): un fundamental volume onde subliña a plena conciencia que sobre o papel da muller e mais da cultura galega mostrou arreo a nosa grande autora universal

XOSÉ RAMÓN PENA

obstante, Murguía non é para nada responsábel dun proceso -de certo xeito, xa iniciado por Castelar no prólogo-escudo de *Follas Novas*- que busca exculpar á que foi a súa esposa de dous grandes “pecados” o “exceso” de galeguidade, o primeiro, e, o outro, todos aqueles elementos que non veñan concordar coa ortodoxia reloxiosa.

-E pensa Vde., por exemplo, que Azorín, Juan Ramón Jiménez, a Xeración do 27... tampouco souberon ler a Rosalía?

-Depende dos casos, pero, por exemplo, Juan Ramón si ten un coñecemento directo e fai unha lectura atenta de Rosalía, cun resultado absolutamente admirativo. Outra cousa é que todos eles a quixesen levar ao rego da literatura española, sobre todo por causa de *En las orillas del Sar*. Pero, claro, isto significa que a obra galega quede obviada, en boa medida, e que fagan de Rosalía unha precursora, unha pioneira... mais unha precursora da moderna literatura española.

-Sinala no seu libro que Rosalía e Manuel Murguía constituíron “un matrimonio nada convencional”. Rosalía era muller, nai de familia numerosa... Como puido conciliar a vida familiar coa creativa? Como foron as relacións da parella?

-En primeiro lugar, ocupan tanto, ou máis, tempo os períodos nos que viviron separados -por mor das circunstancias laborais de Murguía- que esoutros nos que estiveron xuntos, o que constitúe unha circunstancia ben peculiar, toda vez que o “normal” era que a muller seguise ao home. En segunda instancia, estamos diante de dúas personalidades que non reservan a visibilidade pública para a parte masculina da parella, toda vez que Rosalía quixo ser o que hoxe chamamos unha “escritora profesional” e que concibe a literatura moi para alén dunha distracción ou dun hobby. Logo, hai aínda feitos moi chamativos: por exemplo, a parella tivo sete fillos, pero entre a primeira deles -Alexandra (1859)- e a segunda -Aura (1868)- van case dez anos, o que resulta un feito sorprendente, tendo en conta que os demais xa seguen en ringleira. Polo tanto, coa nosa perspectiva, cabe pensar se houbo unha decisión voluntaria, por parte de Rosalía e de Murguía, que permitise a consagra-

ción dela á escrita, nun tempo de grandes esperanzas socio-políticas e culturais como é ese que se vive no conxunto de España durante esa década. Polo tanto, creo que foi unha parella perfectamente compenetrada no apartado ideolóxico, e tamén no cultural, pero que non coinci-



“Rosalía de Castro quixo ser sempre o que hoxe chamamos unha escritora profesional”

é
l”

diron no espazo emocional e afectivo. Canto ao cuidado dos fillos, a relación de Rosalía coa máis vella deles foi fundamental, dado que, como testemuña o propio Murguía, máis que nai e filla, Rosalía e Alexandra viviron unha verdadeira relación de sororidade.

-O libro que vén de publicar Vde. titúlase *O clamor da rebeldía*. Porén, reledo o prólogo dos *Cantares*, parece difícil fuxir por completo dunha certa tonalidade maternal ou mesmo dun xeito de progresismo, socialismo cristián.

-É que en Rosalía atopamos, por exemplo, febras de Malebranche e doutros eclesiásticos heterodoxos que veñen casar coa procura –inspirada, igualmente, desde fóra das filas da Igrexa– dun cristianismo evanxélico, do retorno ás orixes. E isto concorda tamén con febras

moi claras da masonería e mais do libre pensamento e aínda con Fourier ou co socialismo utópico. Con todos estes vimbios, o que fai Rosalía no prólogo dos *Cantares* é unha apoteose apoloxética de Galiza, para responder rotundamente a toda unha campaña de descreto e de xenofobia... Moi intelixentemente, adopta non só unha táctica defensiva, senón que leva adiante o retrato do ofensor.

-Non obstante esa raíz cristiá, Rosalía veuse “comesta de lobos”.

-As investigacións levadas a cabo por Francisco Rodríguez e por outros autores demostran ás claras que foron personaxes eclesiásticos de alto fuste os que declararon a inimiga radical contra Rosalía, tentando incluso impedir que se lle fixesen as exequias fúnebres durante o traslado dos seus restos, en 1891.

-Coida Vde. que, nalgún momento, ela chegou a ser consciente das lecturas interesadas que se podían facer da súa obra, especialmente dos *Cantares*?

-Eu estou perfectamente certa de que Rosalía de Castro –mediando, como medían, dezasete anos entre a publicación de *Cantares* e a de *Follas Novas*...– captou en vida a lectura inmovilista, ou paralisante, dos *Cantares*. É dicir que *Cantares* viña ser considerado non como un punto de partida, senón como un punto de chegada. De aí que *Follas Novas* constitúe unha demostración de que o galego serve perfectamente para calquera manifestación literaria.

-Escribiulle Vicetto a Murguía para pedirle que Rosalía cantase “nuestra santa libertad”. Cre Vde. que chegou a realizar algo semellante? Poderíase obxectar que

a poeta sinala moi ben os problemas, pero que non apunta ningunha solución para eles. Doutra parte, Curros ou incluso Pondal manifestan abertamente un credo redentor. Onde atopar algo parecido, en Rosalía?

-En xeral, non o hai, aínda que depende dos textos. De todos os xeitos, Rosalía é poeta e é muller. Rosalía ten na poesía lírica o seu campo privilexiado de expresión e aí pode utilizar un recurso moi intelixente que consiste en refuxiarse na ambigüidade do “eu” lírico para defenderse de calquera sorte de censura –e non esquezamos que non estamos nun período histórico de plena liberdade de expresión–, que vén ser o que acontece en poemas como “A xusticia pola man” e outros.

-Pero esa mesma realidade de ser muller, non a condicionou para que evitase a carga explícita que podemos atopar, por exemplo, en determinados poemas de Curros, poño por caso “Na chegada a Ourense da primeira locomotora”?

-Hai artigos asinados por Rosalía tan apurados desde o punto de vista político que acaban pregando, por exemplo, que os poderes pertinentes poñan remate ás inundacións de Padrón. É dicir: Rosalía está moi pendente da realidade que a rodea. Creo que, nun sentido profundo, Rosalía é máis política que Curros e, desde logo, que Eduardo Pondal.

-“Daquelas que cantan ás pombas i ás frores...”. Segundo tal estima, estamos diante dunha verdadeira provocación. Cabe supoñer, daquela, que Rosalía foi plenamente consciente do desafío.

-Completamente. Eses catro versos conforman unha verdadeira declaración, constitúen as súas credenciais e obrigan a lermos *Follas Novas*, incluíndo o prólogo, desde esa mesma declaración de principios.

-Cre Vde. que, nun momento, Rosalía empregou a poesía folk para levar adiante unha nova cartografía do país?

-Desde logo que si. Haina en varias escalas: se ben que a antroponimia resulta moi estereotípica, o paseo toponímico que leva adiante nos *Cantares* é enorme. Temos, entón, unha cartografía sentimental que vén demostrar que os galegos e galegas, fronte á visión pexorativa e aldraxante, somos seres dotados de sentimentos profundos e admirábeis, somos seres culturais. Canto ao país, non se trata dun lugar inmundo, innobre, senón dun espazo que pode competir cos mellores de Europa. Sen dúbida, si que hai unha nova cartografía galega, en Rosalía.

-Se Vde. tivese que “vender” o “produto Rosalía” ao público actual, como o faría? “Compre Rosalía por...?”

-“Compre Rosalía” para coñecérmolos: nós galegos. Para dignificarnos coñecendo o noso país, a nosa cultura, quen somos no mundo.



FOTOS: ELI REGUEIRA

“Na súa obra
cicstramos febras da
masonería, pero
tamén dun
cristianismo
evanxélico”

“Altas
personalidades
da Igrexa
declararon unha
inimiga radical
contra Rosalía”

“Compre
Rosalía para
coñecernos a nós
mesmos, para
dignificarnos
colectivamente”

legas, fronte á visión pexorativa e aldraxante, somos seres dotados de sentimentos profundos e admirábeis, somos seres culturais. Canto ao país, non se trata dun lugar inmundo, innobre, senón dun espazo que pode competir cos mellores de Europa. Sen dúbida, si que hai unha nova cartografía galega, en Rosalía.

-Se Vde. tivese que “vender” o “produto Rosalía” ao público actual, como o faría? “Compre Rosalía por...?”

-“Compre Rosalía” para coñecérmolos: nós galegos. Para dignificarnos coñecendo o noso país, a nosa cultura, quen somos no mundo.